

## DECRETO NUMERO 19009119 DO 28/10/2019

**Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. María Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a veciñanza do Excmo. Concello de Lugo,**

Dentro da programación dos actos para a celebración do día de Santos do 2019 no Cemiterio Municipal de San Froilán, está prevista a convocatoria do VI Concurso Fotográfico: “Estampas de Paz e Acougo”, sendo preciso establecer as bases polas que se rexerá.

A este respecto a Sección de Estatística-Cemiterio, formulou a proposta que a continuación se indica:

### **“BASES PARA O VI CONCURSO FOTOGRAFICO: “ESTAMPAS DE PAZ E ACOUGO”:**

#### **1. Participantes.**

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe.

#### **2. Prazo de inscrición.**

Dende o 29 de outubro ao 18 de novembro.

#### **3. Temática.**

Dentro do arte funerario, na súa máis ampla expresión, nesta ocasión a temática versará sobre a simboloxía oculta que se reflicte nas construcións funerarias dos cemiterios. Alegorías á morte, á dor, á esperanza gravadas ou esculpidas na pedra, mensaxes inertes e augurios doutras vidas que acompañan a memoria dos seus silenciosos moradores.

Valorarase a calidade técnica e artística das obras, dándosele unha especial relevancia á captación da sensación de paz e harmonía coa que se impregnan os recintos dos cemiterios.

#### **4. Obras.**

- Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías inéditas e orixinais para este evento, non podendo estar publicadas en calquera medio con anterioridade á data de convocatoria.
- Cada fotografía achegarase impresa en soporte ríxido (cartón pluma ou similar) en formato 30 x 40 cm ou superficie equivalente aproximadamente. Cada fotografía irá acompañada do seu arquivo dixital.
- A persoa concursante indicará o título que decida darlle a cada fotografía ou dun texto para incluír nun posible catálogo ou recopilatorio, no seu caso (máximo de 20 palabras en galego).
- As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.
- As obras que se presenten ao concurso irán acompañadas ademais dun arquivo dixital da fachada do cemiterio do que procedan, indicando a súa denominación e localización.

## SECCIÓN ESTADÍSTICA - CEMITERIO

ARH

Refª: 1572266593896.doc

Asunto:

### **5. Presentación.**

- Os traballos presentaranse nas oficinas da Sección de cemiterio ubicadas no Centro de Servizos municipais, ou por correo certificado, ata as 14 horas do día 18 de novembro.
- No caso de que se presenten por correo certificado, deberase remitir, dentro do prazo indicado, un xustificante desta presentación, por fax (982 297 108) ou correo electrónico (cemiterio@lugo.gal)
- Irán nun único sobre dirixido ao Negociado de cemiterio coa seguinte indicación: VI Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán “Estampas de Paz e Acougo” e unseudónimo co que se inscribirá nun rexistro especial para o concurso.
- O sobre conterá outros dous sobres pechados: O sobre A coas obras que se presentan a concurso, en formato papel e dixital segundo o especificado na base 4; e o sobre B que conterá os datos do concursante: nome e apelidos, número de documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.

### **6. Xurado.**

O xurado estará composto por tres membros: unha persoa do Servizo de Cultura do Concello de Lugo, unha persoa da Sección de Cemiterio e unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso e terá plena potestade para interpretar estas bases.

Poderá declarar deserto o premio se considera que as obras presentadas non reúnen as calidades artísticas mínimas.

O seu fallo é inapelable e definitivo e será publicado no Taboleiro de Edictos do concello, na súa páxina web: <http://www.cemiterio.lugo.gal>, e nas redes sociais.

### **7. Premios.**

Establécense os seguintes:

Primeiro premio, dotado de 500 euros.

Segundo premio, dotado de 200 euros.

Terceiro premio, dotado de 100 euros.

Aos indicados importes practicaráselles a retención que proceda segundo a normativa legal vixente.

A entrega de premios realizarase no lugar e data que publicamente se indique.

### **8. Dereitos de autor**

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas persoas concursantes entre o 1 e o 31 de xaneiro. Os traballos non premiados que non se retiren no prazo antedito pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

Os autores e autoras das obras enviadas autorizan ao Concello para a súa reprodución, así como para a súa difusión, publicación e utilización para fins públicos, sempre con mención da súa autoría e respectando os dereitos de autor.

### **9. Aceptación das bases.**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases e a manifestación de que a obra presentada é inédita e orixinal para este evento e que a persoa concursante é a súa única autora e titular de todos os dereitos de autor.

### **10. Exposición das Fotografías.**

Co fin de contribuir á promoción do Cemiterio de San Froilán como un espazo de intercambio cultural, as fotografías presentadas serán obxecto de exposición pública no lugar, data e horas que se indiquen a través dos medios de difusión e na páxina web do Concello <http://www.cemiterio.lugo.gal>

De conformidade co cal, tendo en conta que segundo consta no certificado da Tesourería municipal de data 18/10/2019, e informe de fiscalización de data 28/10/2019 relativo á existencia de crédito e a competencia do órgano, existe consignación na partida 16400.481.01 do vixente orzamento municipal e no uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e en virtude da delegación da Alcaldía atribuída polo decreto nº 19005695 do 3 de xullo de 2019.

### **RESOLVO:**

**Primeiro:** Convocar o VI Concurso Fotográfico do Cemiterio Municipal de San Froilán: “Estampas de Paz e Acougo”.

**Segundo:** Aprobar as bases polas que se regulará nos termos contidos no informe da Sección de Estatística-Cemiterio que consta na parte expositiva do presente decreto.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por un importe de 800 euros para o financiamento dos premios establecidos na base 7 do Concurso de Fotografía do Cemiterio de San Froilán, convocado de conformidade co disposto nos parágrafos primeiro e segundo deste decreto, con cargo á partida 16400.481.01 do vixente orzamento municipal.

**Cuarto:** Este acto será publicado no Taboleiro de Edictos, no Taboleiro do Cemiterio, na páxina web, na Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS, así como calquera outro medio que contribúa á súa difusión.

Cúmprase.